



CELSE EMILIO FERREIRO. FOTOBIOGRAFÍA SONORA

Do 7 de outubro ao 30 de novembro de 2008

A fotobiografía sonora de Celso Emilio Ferreiro é unha innovadora forma de achegarnos á obra do autor dende diferentes perspectivas e dunha forma plena. A voz de Celso Emilio Ferreiro é una das voces máis importantes da nosa literatura que alimentou coa súa palabra a varias xeracións de músicos e poetas.

Propomos con esta exposición unha mostra de literatura para ollar e para ouvir. Un percorrido por máis dun cento de imaxes que marcaron a vida do autor, seleccionadas por Carlos Díaz e comentadas por Ramón Nicolás, Xurxo Souto e Mónica Rodríguez, ilustrarán un poema representativo que nos permitirá un estudo por décadas do universo literario e persoal de Celso Emilio Ferreiro.

Pero quizais o máis excepcional desta mostra é que nos permite a posibilidade de escoitar ao propio autor recitando un dos seus poemas ou ouvir cómo moitos autores do renome de Suso Vaamonde, María Manuela, Los Tamara ou Fuxan os Ventos interpretaron os seus textos.

TEMPORIZACIÓN | 1h

HORARIO | De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00h

INFORMACIÓN E RESERVAS | Tfn: 986 240 130. E-mail verbum@iservicesmail.com.

ENTRADA GRATUÍTA